

Venres, 27 de outubro de 2023

Núm. 208

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**CRECENTE**

**Nomeamento de Xuíz de Paz**

*ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ TITULAR*

*BANDO DE ALCALDÍA*

Julio César García-Luengo Pérez, Alcalde-Presidente deste Concello,

*FAGO SABER:*

Que está previsto que no mes de novembro do 2023 quede vacante o cargo de Xuíz/a de Paz titular.

Que corresponde ao Pleno do Concello elixir as persoas para ser nomeadas Xuíz/a de Paz, titular e substituto deste Municipio, de conformidade ao que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

Que se abre un prazo de 10 días hábiles para que as persoas que estean interesadas, e reúnan as condicións legais solicíteno por escrito dirixido a esta Alcaldía, a través da sede electrónica do concello, o seguinte enderezo <https://crecente.sedelectronica.gal/>

O modelo de instancia atópase a disposición dos interesados nas dependencias municipais da Corporación e na sede electrónica do concello e débese aportar a seguinte documentación:

- Solicitud debidamente asinada.
- Declaración de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas por Lei para desempeñar funcións xudiciais.
- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do documento nacional de identidade en vigor.
- Certificado de antecedentes penais e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2.1.a) da Lei 68/1980.
- Calquera outro documento acreditativo dos méritos ou títulos que alegados.

Que na Secretaría do Concello pode ser examinado o expediente e solicitar a información que se precise en canto a requisitos, duración do cargo, remuneración, etc.

Que en caso de non presentarse solicitudes, o Pleno da Corporación elixirá libremente, de acordo co previsto no artigo 101.1 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e



Venres, 27 de outubro de 2023

Núm. 208

o artigo 4 e 6 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, comunicando o Acordo ao Xulgado de Primeira Instancia do partido.

O que se publica para xeral coñecemento.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:CFV7E1W2RONNKW9D

